

## **COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS, FACENDA E RECURSOS HUMANOS**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de setembro de 2025**

Ás 17.15 horas do día 17 de setembro de 2025, reúnese a Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. Luís Menor Pérez

**Deputados/as do Grupo Popular:**

D.<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias

D.<sup>a</sup> Patricia Torres Madureira

D. Jorge Pumar Tesouro

D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> del Carmen González Quintela

D. Manuel Seoane Rodríguez

**Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Álvaro Vila Araújo

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D. Xosé Carlos Valcárcel Doval

D. Emilio Luís Díaz Vidal

**Deputados/as do BNG:**

D.<sup>a</sup> María José Mangana Guede

D. Bernardo Varela López

**Deputados de Democracia Ourensana:**

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes

**Interventora accidental:** D.<sup>a</sup> María Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA  
15 DE XULLO DE 2025.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de xullo de 2025.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:  
Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos do día 15 de xullo de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- REVOGACIÓN DA DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO  
DAS COMPETENCIAS DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN DOS TRIBUTOS  
DO CONCELLO DE VIANA DO BOLO (EXPTE. Nº 2025/20096J).-**

**D.ª Marta Novoa Iglesias, do Grupo Popular**, expón o contido da proposta da Presidencia.

**D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista**, sinala que debe existir un erro no acordo remitido polo concello, xa que a vontade real non é a de finalizar coa delegación, senón todo o contrario, incluso ampliála.

**D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular**, intervén para indicar que agora o que procede é tramitar o acordo remitido polo concello nos termos en que foi remitido, e que o concello, se o desexa, pode adoptar outro acordo para revogar o anterior e manter a delegación, pero debe facelo antes de que se leve esta aceptación ao Pleno Provincial.

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (4), do BNG (2) e de Democracia Ourensana (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Aceptar a revogación, adoptada polo Pleno do concello de Viana do Bolo por acordo plenario de data 21 de novembro de 2024, da delegación na Deputación Provincial de Ourense do exercicio das competencias de xestión, tributaria e recadación dos seguintes tributos delegados polo Concello de Viana do Bolo por acordo plenario de data 15 de decembro de 2008:

- Imposto sobre bens inmobles.
- Imposto sobre actividades económicas.
- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- Taxa de recollida de lixo.
- Taxa pola entrada de vehículos e reservas de vía pública.

**3º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DO EXERCICIO DE COMPETENCIAS DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN EN VOLUNTARIA E EXECUTIVA E REVISIÓN DE ACTOS DE TRIBUTOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO DO CONCELLO DE BARBADÁS. (EXPTE. Nº 2025/20174E).-**

**D.<sup>a</sup> Marta Novoa Iglesias, do Grupo Popular**, expón o contido da proposta da Presidencia. Non se producen intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo concello de Barbadás a favor da Deputación Provincial de Ourense, mediante acordo plenario de data 1 de setembro de 2025, para a xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva da taxa por pasaxes permanentes e carga e descarga de mercadorías, así como as facultades que ese concello ten atribuídas en materia de recadación executiva e a revisión dos actos ditados dos mesmos dos ingresos de dereito público de devindicación non periódica que se detallan a continuación:

- Gastos derivados de execucións forzosas dos artigos 99 e 100 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. (multascoercitivas, execución subsidiaria, etc.).
- Liquidacións tributarias derivadas da Ordenanza fiscal nº 4 reguladora do Imposto de Construcións Instalacións e Obras (ICIO).
- Liquidacións tributarias derivadas da Ordenanza fiscal nº 9 reguladora da taxa por Licenza Urbanística e Actividades.
- Liquidacións tributarias derivadas da Ordenanza fiscal nº 10 reguladora da taxa por Recollida de Vehículos.
- Liquidacións tributarias derivadas da Ordenanza fiscal nº 12 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público local con mercadorías, materiais de construción, entullos, valos, puntais, cabaletes, estadas e outras instalacións análogas.
- Liquidacións emitidas con ocasión de obrigas derivadas da execución de Convenios con entidades públicas ou privadas.
- Liquidacións emitidas con ocasión da imposición de todo tipo de multas por calquera tipo de infracción administrativa.
- Liquidacións emitidas con ocasión da execución de contratos administrativos suxeitos á LCSP: imposición de penalidades, responsabilidades contractuais, etc.
- Liquidacións derivadas da execución de concesións demaniais suxeitas á LCSP e a lexislación patrimonial.

- Liquidacións derivadas de expedientes de pagos duplicados ou indebidos (Reintegros de Pagos),

nas condicións recollidas no acordo de delegación do concello de Barbadás, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva. Con respecto á taxa por pasaxes permanentes e carga e descarga de mercadorías o contido da delegación abranguerá ademáis o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos.
- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións da relación de debedores dos últimos catro anos para os efectos de poder iniciar a recadación en executiva, así como, en relación ás débedas anteriores aos últimos catro anos certificación de que as débedas non están prescritas e indicará as diferentes datas de notificación da débeda en executiva, en relación ao tributo ou ingreso de dereito público ao que se refire.
- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en voluntaria será a resultante de aplicarlles ás cantidades efectivamente recadadas de padróns, liquidacións, altas e outros ingresos non periódicos o tipo de gravame único do 5% e a taxa pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario, conforme co establecido no artigo 6, apartados a) e b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

A presente delegación entrará en vigor unha vez aceptada pola Deputación Provincial, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento. A presente delegación estará vixente por un período de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos iguais de catro anos se ningunha das partes

manifesta expresamente a súa vontade en contra, comunicándoo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á súa finalización ou á de calquera dos períodos de prórroga.

**4º.- NOMEAMENTO DE MIGUEL GONZÁLEZ LÓPEZ - MOSQUERA, FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN NACIONAL E TESOUREIRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, COMO PRESIDENTE DO TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE OURENSE, PARA O PERÍODO 2025 - 2029 (EXPTE. Nº 2025/20177W).-**

**D.<sup>a</sup> Marta Novoa Iglesias, do Grupo Popular**, expón o contido da proposta da Presidencia. Non se producen intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (6) e de Democracia Ourense (2) e a abstención do Grupo Socialista (4) e do BNG (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

**1º.** Declarar o desempeño do posto da Tesourería Xeral da Deputación Provincial de Ourense compatible coa Presidencia do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Ourense, ao non apreciarse a existencia de posibles conflitos de interese que poidan afectar ao deber de imparcialidade e obxectividade entre as funcións de tesourería da Deputación (allea á xestión tributaria e de recadación e á tramitación das ordenanzas fiscais municipais do Concello de Ourense) e as competencias do tribunal. Esta declaración supón a innecesariedade de tramitación e obtención da declaración de compatibilidade á que se refire a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, por tratarse dunha actividade excluída do ámbito de aplicación da dita norma.

**2º.** Autorizar a Miguel González López - Mosquera, funcionario de administración local con habilitación nacional e Tesoureiro da Deputación Provincial, a exercer como presidente do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Ourense, para o período 2025 – 2029, mantendo a súa adscrición á administración pública de orixe (Deputación), e podendo percibir unicamente as indemnizacións que por asistencia a órganos colexiados se establezan nas bases de execución do orzamento municipal.

**3º.** Dar traslado do presente acordo ao Concello de Ourense e ao empregado público interesado.

**5º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚMERO 9/2025 DE MODIFICACIÓN DO ANEXO IV DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (EXPTE. Nº 2025/20175T).-**

**D.<sup>a</sup> Marta Novoa Iglesias, do Grupo Popular**, expón o contido da proposta da Presidencia. Non se producen intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (4), do BNG (2) e de Democracia Ourensana (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente número 9/2025 de modificación do Anexo IV das bases de execución do orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense, do seguinte xeito:

**CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA**

| FINALIDADE                                                                   | IMPORTE     |
|------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| Obras de canalización de augas no bombeo do Polígono de San Cristovo de Cea. | 86.000,00 € |

**b)** Con cargo á aplicación orzamentaria **34111/48099 “ . Fomento do deporte. Subvención nominativa correntes a familias e institucións sen ánimo de lucro”** no expediente de modificación número **3/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao Club Parapente Baltar para “ **Campionato de España de precisión parapente**” pola cantidade de **5.000,00 euros**.

Na data 13 de maio de 2025, inscríbese no rexistro de Entidades Deportivas de Galicia a modificación dos estatutos da entidade , Club Parapente Baltar, **pasando a denominarse “ CLUB VOOLAROUCO”**.

En base a solicitude presentada polo representante do club, **proponse o cambio do beneficiario** da subvención. motivado polo cambio de denominación do mesmo.

| BENEFICIARIO    | FINALIDADE                                  | IMPORTE    |
|-----------------|---------------------------------------------|------------|
| CLUB VOOLAROUCO | Campionato de España de precisión parapente | 5.000,00 € |

**C)** Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 “Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos ”** no expediente de modificación número **4/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello da Bola** para “ **Cofinanciación para humanización do entorno de Santabaia de Berredo** ” pola cantidade de **60.000,00 euros**.

En base a solicitude asinada pola Alcaldesa do concello de A Bola na data 09 de setembro de 2025 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, solicitando a ser posible, o cambio da finalidade da mesma.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio** da subvención quedando da seguinte maneira,

**CONCELLO DE A BOLA**

| <b>FINALIDADE</b>                                                                                               | <b>IMPORTE</b> |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|
| <b>Rede de captación e abastecemento nos núcleos de San Simón, San Fiz, Folgoso, Cirós e Moreiriñas. FASE I</b> | 60.000,00 €    |

**Conclusión.-** A presente modificación, que está estruturada e adaptada ao previsto na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro de 2008 pola que se aproba a estrutura dos orzamentos as Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo **non afecta cuantitativamente ao orzamento vixente.**

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**6º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA CONXELAR, DERROGAR OU SUSPENDER AS REGRAS FISCAIS PARA TODOS OS CONCELLOS DADA A GRAVE SITUACIÓN ECONÓMICA QUE PADECEN, AGRAVADA RECENTEMENTE NA NOSA PROVINCIA DEBIDO AOS INCENDIOS FORESTAIS (EXPTE. Nº 2025/20381E).-**

**D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular,** expón o contido da seguinte moción:

*Tras catro anos de suspensión (2020-2023), para amortecer os efectos da pandemia causada polo Covid-19 e, posteriormente, pola guerra de Ucraína, reactiváronse as regras fiscais aplicables ás Administracións, o que supón a volta á normativa de estabilidade orzamentaria, cos seus límites de déficit, débeda e incremento anual dos orzamentos.*

*Nese sentido, os feitos máis relevantes son os seguintes:*

- As entidades locais deberán ter un equilibrio presupostario do 0% en 2025 e de novo, 0% en 2026.*

- *A débeda de todas as entidades para 2025 non poderá superar o 1,3% do PIB. Con todo, para cada entidade local individualmente considerada aplícase o establecido na normativa de facendas locais.*
- *Pola súa banda, a regra de gasto, que limita o incremento orzamentario dun ano a outro queda fixada no 2,6% para 2024; o 3,2% para 2025 e o 3,3% para 2026. O 2,6% de 2024 aplícase sobre o gasto computable da liquidación orzamentaria de 2023.*

*Como xa comentamos no mes de marzo, dada a actual situación financeira de deputacións e concellos e o retraso do Goberno de España en abordar o novo sistema de financiación autonómica para que unha vez establecido este, pactar o novo sistema de financiación local que permita ás entidades locais facer fronte ao incremento dos prezos dos gastos correntes así como do capítulo de persoal e prestación de servizos aos cidadáns, é imprescindible determinar canto antes “os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira que serían de aplicación ás entidades locais no caso de que non se aproben os novos obxectivos para el ano 2025”.*

*Neste contexto, e dada a actual situación de moitos dos nosos concellos, asolados pola vaga de lumes que sufriu esta Provincia o longo do pasado mes, onde os traballos de reconstrución e de recuperación non poden esperar, faise imprescindible e necesario que tanto concellos coma deputacións poidan destinar o superávit como mínimo, nas mesmas condicións as do ano 2023, nos termos que establece a disposición adicional sexta, que regula as regras especiais para o destino do superávit orzamentario.*

*En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno o seguintes acordos*

#### **ACORDOS:**

- 1. Instar ao Goberno de España a que aprobe un Real Decreto Lei que permita a prórroga do destino do superávit do ano 2024, para as entidades locais no ano 2025, nos termos que establece a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentarias e Sostibilidade Financeira, que regula unha serie de regras especiais para o destino do superávit orzamentario, dada a situación na que se topan os concellos, especialmente aqueles que teñen que levar a cabo traballos de reconstrución, despois da vaga de incendios sufrida este verán, sen que este gasto sexa computable a efectos da regra de gasto.*
- 2. Instar a FEMP e a FEGAMP para que reclamen ó Goberno Central a eliminación das regras fiscais, para poder atender as demandas da veciñanza e facilitar os traballos de reconstrución despois da terrible vaga de incendios forestais sufrida, desde o 1*

*de xaneiro de 2025 en adiante, en prol de facilitar a gobernanza das entidades locais e Deputacións Provinciais.*

**Don Bernardo Varela López, do BNG**, sinala que unha moción moi similar xa se debateu e se votou nesta Deputación fai pouco, e que a única novidade que engade é a referencia á recente vaga de lumes que sufrimos neste verán. Sobre as propostas de acordo sinala que o seu grupo apoia estas reivindicacións que se fan.

**Don Xosé Carlos Valcárcel Doval, do Grupo Socialista**, sinala que non se entende moi ben que se mesture esta petición ao Estado coa vaga de lumes sufrida neste verán na provincia, e que a ao seu grupo lle xera moitas dúbidas. Matiza que as reivindicacións desta Deputación deben ir na liña de pedir que os concellos non asuman as competencias que non lles corresponden, como o SAF ou o mantemento de centros escolares.

**Dona Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular**, lembra que as regras fiscais activadas en 2012, suavizáronse coa aprobación dos investimentos financeiramente sostibles no ano 2014, e se suspenderon no ano 2020 coa crise da COVID-19. Este ano o Goberno Central ven de reactivar novamente as regras fiscais, pero sen aprobar os investimentos financeiramente sostibles, polo que a situación na que se pon ás entidades locais é moi difícil.

**D. Xosé Carlos Valcárcel Doval, do Grupo Socialista**, apunta que o Estado está a reducir o seu endebedamento en relación co PIB, e lembra que as entidades locais nos derradeiros anos tamén teñen incrementado a súa débeda, entre elas a Comunidade Autónoma de Galicia.

**D.<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular**, indica que se as dúbidas do Grupo Socialista veñen pola referencia á vaga de lumes, o seu grupo estaría disposto a modificar a proposta de acordo para que esta reivindicación salga aprobada por unanimidade.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e do BNG (2) e a abstención do Grupo Socialista (4) e de Democracia Ourensana (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. Instar ao Goberno de España a que aprobe un Real Decreto Lei que permita a prórroga do destino do superávit do ano 2024, para as entidades locais no ano 2025, nos termos que establece a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentarias e Sostibilidade Financeira, que regula unha serie de regras especiais para o destino do superávit orzamentario, dada a situación na que se topan os concellos, especialmente aqueles que teñen que levar a cabo

traballos de reconstrución, despois da vaga de incendios sufrida este verán, sen que este gasto sexa computable a efectos da regra de gasto.

2. Instar a FEMP e a FEGAMP para que reclamen ó Goberno Central a eliminación das regras fiscais, para poder atender as demandas da veciñanza e facilitar os traballos de reconstrución despois da terrible vaga de incendios forestais sufrida, desde o 1 de xaneiro de 2025 en adiante, en prol de facilitar a gobernanza das entidades locais e Deputacións Provinciais.

**7º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-** Non se presentan

**8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Non se formulan

E, ás 17.55 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.